

1.2 Utilización de TIC e servizos da SI

A caracterización dos niveis de uso dos elementos característicos da Sociedade da Información –fundamentalmente o computador persoal e o acceso á Internet– veu sendo o patrón xeneralizado de análise do nivel de evolución dos diferentes territorios.

Aínda que isto pode ser efectivamente así en termos moi globais, a realidade amosa que os servizos da Sociedade da Información, por diferentes factores, permean dun xeito moito máis directo cara a colectivos cuns determinados perfís socioeconómicos. De feito, xa en 2003 o eurobarómetro representaba os *gaps* (literalmente ocós, desequilibrios) de uso da Internet en función de factores de hábitat, de ingresos, de idade, de nivel de estudos ou de xénero.




Figura 1: Principais *gaps* no uso da Internet na Unión Europea en función de parámetros socioeconómicos.

Fonte: Eurobarómetro ⁽¹⁾

En consecuencia, a análise que se fai de seguido pon especial fincapé en estudar os desequilibrios en función destes parámetros sociais, de xeito que se poidan tirar as oportunas conclusións.

1.2.1 Utilización do computador persoal

A metade dos galegos (o 49% segundo o INE; o 53,5% segundo as enquisas realizadas para este traballo) afirma que empregou o PC nos últimos tres meses, dato que mantén a Galiza por baixo da media estatal. A evolución do dato no último trienio apunta unha leve tendencia de converxencia.

Por outra banda, apréciase unha correlación entre o nivel de uso do PC e determinadas características socioeconómicas dos territorios, o que viría a supor un factor de matiz importante sobre a avaliación dos datos anteriores.

1.2.1.1 Datos xerais de uso

Galiza, xunto con Murcia, Castela-A Mancha, Andalucía e Estremadura conforma o grupo de comunidades autónomas nos que o nivel de uso do computador no supera o 50%, segundo o INE. Estas comunidades amosan un índice entre 4 e 11 puntos porcentuais por baixo da media estatal, o que supón un desenvolvemento entre un 7% e un 20% inferior (un 9% no caso de Galiza).




Figura 2: Distribución do porcentaxe de persoas que utilizaron o PC nos últimos tres meses.

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽²⁾

Os datos obtidos do traballo de campo realizado para este diagnóstico amosan resultados máis optimistas: segundo as enquisas, o 53,5% dos galegos empregaron o PC nos últimos 3 meses; o 54,9% empregárono algunha vez nas súas vidas¹.

A pesar do forte crecemento no uso do PC na poboación galega no último trienio, cun ritmo interanual relativo por riba do 10% desde 2004, non se experimentou unha tendencia claramente converxente con respecto á media estatal, dado que esta medrou só a uns ritmos lixeiramente inferiores; non obstante, o diferencial en algo máis de dos puntos porcentuais, até o pouco máis do 5% actual, como se observa na Figura 3. A liña vermella representa a diferenza porcentual absoluta entre ambos valores. A Figura 4 ven a abundar nesta idea.

¹ Débese notar o feito de que a enquisa do INE é referida á poboación entre 16 e 74 anos, ambos inclusive, mentres as enquisas realizadas para a elaboración do diagnóstico do PEGSI tomaron como universo as persoas de 16 anos ou máis.




Figura 3: Evolución da poboación que utilizou o PC nos últimos tres meses.
 Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽³⁾




Figura 4: Nivel de uso do PC e evolución 2003-2005 por comunidade autónoma.
 Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽³⁾

1.2.1.2 Datos específicos de uso

Cuantificados os niveis de uso globais, atender a aspectos específicos deste uso pode axudar a comprender os patróns de emprego do computador persoal e, a partir destes, identificar as medidas que poidan potenciar a súa utilización.

Os datos estatais desagregados por comunidade autónoma amosan que as pautas de comportamento do usuario de computador persoal non ofrece variacións significativas entre comunidades autónomas. Así, a meirande parte das persoas que utilizan o computador fano de xeito intenso; isto é, o 54% dos galegos (60% dos españois) afirma que o usa diariamente ou, como mínimo, cinco días á semana, sendo o nivel de utilización como mínimo semanal dun 84% (85% para o conxunto do Estado).




Figura 5: Frecuencia de uso do computador.
 Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽⁴⁾

Os datos obtidos do traballo de campo reflicten igualmente a intensidade de emprego do PC por parte dos seus usuarios, xa que o 57% o usa como mínimo cinco días á semana e o 76% semanalmente.




Figura 6: Frecuencia de uso do PC por parte dos usuarios.
 Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

Outro aspecto interesante é o fin do uso do computador persoal. Este factor é analizado polo IGE para o período 2002-2004, e indica que neste último ano o 70% dos galegos usaron o computador principalmente para fins persoais, o 37% para fins profesionais e o 24% para fins académicos. Comparando os datos co ano 2002, o incremento máis significativo é o correspondente ao uso persoal –que case duplica

aos fins de uso profesionais–, o que apunta que o computador está cada vez máis presente nas actividades de ocio e tempo libre dos galegos.




Figura 7: Fins do uso do PC por parte dos galegos.
 Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do IGE* ⁽⁶⁾

O traballo de campo actualizou tamén esta información, atopando que o compoñente de uso persoal está presente no 95% dos que empregan o PC, mentres que a de uso laboral supera o 43%. Chama a atención que só o 5% dos usuarios do PC o son unicamente no ámbito laboral, o que indica que o emprego deste dispositivo no posto de traballo é moi importante para o seu uso no espazo persoal.

Tamén se ten investigado o uso do PC con fins académicos, aínda que circunscrito a aquelas persoas que están cursando algún tipo de estudo. A conclusión é que a ampla maioría de persoas que están a desenvolver algún tipo de formación, concretamente o 83%, empregan o PC fóra da aula para actividades de estudo.




Figura 8: Fins do uso do PC por parte dos galegos.
 (*) Porcentaxe de persoas que están a desenvolver algunha actividade formativa que empregan o PC nas súas actividades de estudo fóra da aula.
 Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

Finalmente, é interesante salientar o lugar de uso do PC. Segundo as enquisas, o uso do PC entre os galegos concéntrase maioritariamente no fogar propio, seguido polo centro de traballo.




Figura 9: Lugares de uso do PC por parte dos galegos.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

1.2.1.3 Desagregación por parámetros socioeconómicos

Como se apuntara na introdución a este epígrafe, os niveis de emprego das TIC son dependentes de determinados parámetros socioeconómicos, o que supón unha influencia importante nos parámetros globais. De seguido analízase individualmente o impacto de cada un dos factores principais.

1.2.1.4 Desagregación por idade

O traballo de campo realizado amosa un marcado *gap* no uso do PC no contorno dos 45 anos: mentres que a porcentaxe de usuarios de PC menores de 45 anos é como mínimo do 75% (20 puntos porcentuais por riba da media), a partir dese limiar non se acada a media e o dato descende visiblemente en cada tramo. Nos extremos, só un de cada vinte mozos non emprega o PC, mentres só un de cada sete maiores de 65 anos é usuario.




Figura 10: Porcentaxe de usuarios do PC segundo a idade en Galiza.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

Estes datos non veñen senón a corroborar os anteriormente presentados polo IGE, reflectidos na Figura 11. Representa a distribución de persoas que utilizaron o computador nos últimos tres meses por tramo de idade e provincia. De novo se pode observar o *age gap* claramente, xa que os niveis medios oscilan entre un 75% para os mozos e menos do 10% para os maiores de 55 anos.




Figura 11: Persoas que utilizaron o PC segundo tramo de idade por provincia.

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do IGE* ⁽⁶⁾

Pode este desequilibrio por idades influír nos datos globais de uso nos distintos territorios? A Figura 12 representa os índices autonómicos de uso do PC fronte a porcentaxe de poboación incluída no segmento entre 15 e 45 anos, o de maior nivel de uso do PC. Así, pese a que os datos de nivel de uso poñen en evidencia a existencia da fenda por idade, non parece que este sexa un factor primordial nos datos globais de penetración do uso do PC; o grao tenue de correlación ven motivado polo feito de que as diferenzas na estrutura piramidal de idades, aínda que existentes, non son suficientemente significativas para incidir no indicador global.




Figura 12: Uso do PC representado fronte á idade da poboación.
 Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE ⁽⁴⁾

1.2.1.5 Desagregación por sexo

Con respecto ao xénero, tal como se observa na Figura 13, aínda existe un desequilibrio a prol dos homes, manténdose a fenda de xénero en Galiza aínda no contorno do 5-7%, segundo datos do IGE. Ademais, nunha análise dinámica da serie proporcionada por este organismo, non se aprecia unha tendencia definitiva á redución desta diferenza.




Figura 13: Evolución da proporción de persoas que utilizaron o PC segundo o seu sexo.
Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do IGE* ⁽⁷⁾

O traballo de campo permite avaliar a fenda de xénero en termos de penetración de uso. Así, o 66% dos homes son usuarios de PC, mentres que esta porcentaxe descende ao 45% nas mulleres; isto é, un diferencial de dez puntos en torno á media.




Figura 14: Porcentaxe de usuarios do PC segundo o sexo en Galiza.
Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

1.2.1.6 Desagregación por hábitat de residencia

As enquisas levadas a cabo amosan a existencia dunha fenda derivada do hábitat de residencia. A penetración do uso do PC nas cidades supera en practicamente dez puntos porcentuais a media do país, mentres que no outro extremo, nos concellos máis pequenos, o resultado dista 13 puntos do valor medio. Entre uns e outros, a diferenza de penetración supera os vinte puntos porcentuais. Os habitantes dos municipios intermedios atópanse en torno á media, sobre a que se aprecia unha variación no contorno dos seis puntos.




Figura 15: Porcentaxe de usuarios do PC en Galiza segundo a poboación do concello de residencia.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

Un exercicio equivalente ao feito para a distribución por idades pódese levar a cabo para o hábitat de residencia. Como achegamento sintético tense escollido como parámetro a porcentaxe de poboación que reside en municipios con máis de 10.000 habitantes, asumindo que a poboación urbana amosa maiores niveis de uso das TIC (Figura 16).

Obsérvase unha correlación aparente, non moi forte, entre ambos parámetros nas comunidades autónomas máis rurais. Semella, así mesmo, que a partir dun determinado peso de poboación urbana, son outros factores os que entran en xogo.




Figura 16: Uso do PC vs poboación en municipios de máis de 10.000 habs.

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE ⁽⁴⁾

1.2.1.7 Desagregación por nivel económico

Se se toma en consideración o nivel de ingresos das familias, atópase outro compoñente da fenda. O traballo de campo considerou como referencia un nivel de ingreso medio nas familias galegas de 1.800 euros² e forneceu uns resultados que amosan unha clara correlación entre o nivel de ingresos e o uso do PC. Os colectivos con maior e menor nivel de ingresos exceden a media en case 30 puntos porcentuais, mentres os de renda máis baixa quedan máis de 40 puntos por baixo dela; isto supón un diferencial entre ambos extremos do espectro económico de máis de 70 puntos.




Figura 17: Porcentaxe de usuarios de PC en función do nivel de ingresos da familia.

Fonte: Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽⁵⁾

² O IGE aporta un dato de 1.703 euros para o 2005.

É posible abordar de novo a comparación estatal, tomando como parámetro a renda dispoñible per cápita. Neste caso si queda clara a correlación entre parámetros, polo que semella que se pode falar sen moitas dúbidas dunha fenda económica no uso do PC, tamén entre comunidades autónomas.




Figura 18: Uso do PC vs nivel de ingresos.
 Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽⁴⁾

1.2.1.8 Desagregación por nivel de estudos

Outro parámetro social considerado para as enquisas é o do nivel de estudos. Tal como se pode apreciar na Figura 19, unha vez máis queda manifestada unha clara fenda. Mentres nos titulados universitarios a penetración é case total, e nas persoas con bacharelato ou FP se atopa ,moi por riba da media, só un de cada catro galegos con estudos primarios e un de cada vinte sen estudos é usuario de PC.




Figura 19: Porcentaxe de usuarios de PC en Galiza en función do nivel de estudos.
 Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

1.2.1.9 Desagregación polo conxunto de factores socioeconómicos

Despois dos datos expostos até o de agora, é posible dicir que o nivel de uso do PC depende significativamente da estrutura socioeconómica dun territorio? Recorrendo de novo a formulacións sintéticas, agréganse as análises feitas representando o nivel de uso do PC fronte á media aritmética normalizada dos factores de idade, hábitat e renda. O resultado amósase na Figura 20.

A conclusión que se pode extraer é que o nivel de uso do PC entre a poboación atópase fortemente correlado co conxunto de parámetros de idade, económicos e de hábitat aquí estudados. Isto non ven senón a corroborar a existencia das fendas xa expresadas desde a UE no ano 2003.

Esta circunstancia, en fin, debe terse moi en conta á hora de marcar obxectivos de penetración no uso do PC.




Figura 20: Porcentaxe normalizada de usuarios do PC (eixo vertical) representado contra a media aritmética de factores socioeconómicos considerados (eixo horizontal).

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽⁴⁾

1.2.1.10 Motivos polos que non se emprega o PC

Feita a análise dos niveis de uso, hai que preguntarse cales son os motivos precisos que levan aos colectivos identificados a non seren usuarios activos de PC ou, alomenos, a amosaren uns niveis de uso moi inferiores á media. Co gallo de obter resposta a esta pregunta, incorporouse ao traballo de campo un conxunto de cuestións encamiñadas a obter información relevante ao respecto.

Tras unha primeira análise, obsérvase que en termos xerais, os principais motivos polos que os non usuarios de PC non o son teñen un compoñente que se podería denominar *cultural*: falla de coñecementos, falla de interese, ausencia de percepción de utilidade. Semella que as políticas de sensibilización, información e formación - xunto coas do desenvolvemento de servizos e aplicacións atractivos - aínda teñen por xogar un papel importante.




Figura 21: Motivos polos que non se usa o PC. Base: non usuarios de PC.
 Fonte: Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽⁵⁾

Se se incorporan á análise os factores socioeconómicos anteriormente traballados, agroman conclusións adicionais. Atendendo ao hábitat de residencia, obsérvase como a falla de coñecemento acadada un especial protagonismo nos pequenos concellos, mentres perde peso en relación coa falla de interese ou de necesidade nos contornos urbanos (Figura 22).




Figura 22: Barreiras para o uso do PC en función da poboación do municipio de residencia.
 Fonte: Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽⁵⁾

Do mesmo xeito, a relevancia do factor do coñecemento é maior conforme á idade do entrevistado, chegando a ser a primeira barreira de uso xa a partir dos 35-44 anos.

Chama a atención que esta barreira non teña ningunha presenza no colectivo de mozos e mozas.




Figura 23: Barreiras para o uso do PC en función da idade.

Fonte: Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽⁵⁾

1.2.2 Utilización da Internet

A análise dos niveis de utilización da Internet entre a poboación aporta conclusións practicamente idénticas ás acadadas para o uso do PC: situación relativa de Galiza no conxunto do Estado baixa e existencia de diferencias importantes en función de parámetros socioeconómicos.

Ao igual que no uso de PC, Galiza (42% segundo o INE; 44,9% segundo as enquisas realizadas para estre traballo) amosa un amplo percorrido de converxencia cara ás comunidades autónomas con valores máis altos de nivel de acceso Internet por parte dos seus cidadáns. Tamén do mesmo xeito, as tendencias apuntan evolucións similares, que reducen a fenda moi levemente.

De novo, apréciase unha significativa dependencia entre o nivel de acceso á Internet e determinadas características socioeconómicas dos territorios, o que aporta o xa citado factor de matiz importante sobre a avaliación dos datos anteriores.

O feito de que as análises fornezan conclusións similares non debe estrañar á vista da Figura 24, na que se aprecia unha correlación directísima entre ambos parámetros. Deste xeito, de seguido expónse o detalle dos datos cunha estrutura moi similar á seguida na sección 1.2.1.




Figura 24: Relación normalizada entre os niveis de uso da Internet e do PC, por comunidade autónoma.

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽⁴⁾

1.2.2.1 Datos xerais de uso

A distribución de niveis de acceso á Internet por comunidade autónoma amosa un perfil case idéntico ao exposto para o caso do computador persoal. As comunidades con menor nivel de acceso - entre as que se atopa Galiza - fican entre 6 e 13 puntos porcentuais por baixo da media, o que supón un desenvolvemento entre un 12% e un 27% inferior (un 12% no caso de Galiza).




Figura 25: Distribución de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses en España.

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽²⁾

Esta situación vese acentuada se se ten en conta a posición que ocupa España no contexto internacional, situándose nos últimos postos dos países da UE atendendo a este indicador.




Figura 26: Índice de acceso á Internet na poboación entre 15 e 74 anos.
Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do Eurostat* ⁽⁸⁾

Tamén neste caso, o traballo de campo amosa resultados superiores para Galiza: segundo as enquisas realizadas, o 44,9% dos galegos empregou Internet nos últimos tres meses; practicamente a metade, o 49,5%, empregouna algunha vez nas súas vidas³.

Atendendo á evolución nos últimos anos, os datos non amosan un achegamento claro de Galiza á media estatal, xa que a converxencia é moi tenue. Este feito queda ilustrado na Figura 27, que reflicte un diferencial situado no 6%.




Figura 27: Evolución do número de persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses.

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE*⁴ ⁽⁹⁾

³ Débese notar o feito de que o estudo INE-06 é referido a poboación entre 16 e 74 anos, ambos inclusive, mentres as enquisas acometidas neste traballo tomaron como universo as persoas de 16 anos ou máis.

⁴ Os datos relativos ao ano 2006 refírese a poboación de entre 16 e 74 anos mentres que o resto se refire a maior de 14 anos.

Considerando en conxunto os dous factores - a posición actual e a evolución nos tres últimos anos -, observase que Galiza amosa un nivel de penetración afastado das comunidades autónomas máis sobranceiras e uns niveis de crecemento deste parámetro lixeiramente por baixo da media estatal.




Figura 28: Nivel de acceso á Internet e evolución 2003-2005 por comunidade autónoma.
 Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽¹⁰⁾

1.2.2.2 Datos específicos de uso

Seguindo a estrutura manexada para o uso do PC, de seguido amósanse algúns parámetros que caracterizan os patróns de uso da Internet por parte dos galegos, en contexto cos dispoñibles para o conxunto de España.

No que se refire á frecuencia de uso, máis da metade dos usuarios españois da Internet son usuarios frecuentes (uso alomenos semanal), cunha tendencia clara á alza.




Figura 29: Evolución da frecuencia de uso da Internet.
 Fonte: *Red.es* ⁽¹¹⁾

O traballo de campo corrobora esta afirmación para os usuarios galegos. Segundo as enquisas, a metade dos usuarios da Internet conéctanse á rede diariamente; o 80% dos usuarios da Internet fano tódalas semanas.




Figura 30: Frecuencia de uso da Internet en Galiza.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

Por outra banda, o propio fogar é o lugar predominante de acceso á Internet (un 68,4% dos usuarios españois), cunha tendencia ao crecemento. Isto vén a reforzar as consideracións feitas anteriormente en relación á presenza cada vez maior das TIC no tempo de ocio.




Figura 31: Evolución do lugar de acceso dos usuarios da Internet no último mes en España.

Fonte: *Estudio General de Medios* ⁽¹²⁾

O perfil do internauta galego en canto a lugar de uso non se separa demasiado do anterior. Seis de cada dez internautas acceden á Rede desde o fogar e tres de cada dez desde o traballo; as restantes respostas non chegan ao 10%.




Figura 32: Lugar de acceso á Internet dos internautas galegos.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

Pero se se exploran os datos considerando os parámetros socioeconómicos, advírtese unha variación sobre o patrón. A Figura 33 amosa como os usuarios do rural deben recorrer a outros puntos de acceso (cibercafé, casas de amigos) para compensar o menor nivel de uso no fogar. Do mesmo xeito, na Figura 34 obsérvase como nas rendas máis baixas estes lugares son os principais para o acceso, mentres nas máis altas a súa presenza é moi pouco significativa; de feito, hai un decrecemento significativo de uso no fogar nas rendas medias-baixas e baixas.




Figura 33: Lugar de uso da Internet por poboación do concello de residencia.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾




Figura 34: Lugar de acceso á Internet por nivel de ingresos familiares

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽³⁾

En consonancia coa maduración e sofisticación da propia rede, os servizos usados polos internautas españois evolucionan con aquela. Así, nos últimos tres anos, aínda que os buscadores e o correo electrónico son as aplicacións por antonomasia, outros servizos –banca electrónica, descarga de música e vídeos, consulta de noticias, mensaxería instantánea ou acceso a información pública– consolidanse. A Figura 35 amosa un dato que pode parecer paradoxal: o descenso nos niveis de uso da maioría dos servizos; isto explícase polo peso dos novos internautas –un 41% no período– que fan un menor uso dos servizos máis sofisticados na súa primeira etapa como usuarios.




Figura 35: Finalidade do uso da Internet.

Fonte: Red.es ⁽¹²⁾

Finalmente, as temáticas preferidas polos internautas galegos na rede son moi diversas. Mantense a citada predominancia dos conceptos básicos –correo electrónico, procura de información–, seguida de conceptos relacionados co ocio e a información –medios de comunicación, servizos de ocio, turismo– e a comunicación con persoas, fronte a aspectos de índole máis profesional –formación, banca e valores, relación coa administración–.




Figura 36: Finalidades do uso da Internet polos internautas galegos.

Fonte: *Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁴⁾

1.2.2.3 Desagregación por parámetros socioeconómicos

Neste epígrafe abórdase de novo a análise da correlación entre os niveis xerais de uso, neste caso da Internet, e os factores socioeconómicos máis salientables. Esta circunstancia goza dunha maior atención nas fontes secundarias que para o caso do PC, e xa o *Estudio General de Medios (EGM)* publica un *perfil* de usuarios da Internet.

Segundo a citada fonte, o perfil do internauta español habitual (considerado como tal en este caso, o que usou Internet o día anterior a cumprimentar o cuestionario) é menor de 35 anos (61,1%), home (59,4%) e de clase social alta e medio-alta (39,2%) e media-media (44,3%). Invítase ao lector a revisar a situación relativa da poboación galega en España respecto a estes parámetros no documento "1. Parámetros socioeconómicos relevantes".




Figura 37: Perfil dos usuarios da Internet no último día.

Fonte: *Estudio General de Medios* ⁽¹²⁾

Este perfil amosa, como evolución significativa con respecto ás ondas anteriores, un incremento leve do peso da muller e un desprazamento cara á clase social media-media, que é a máis común no conxunto da poboación.

Por último, dispónse de datos para Galiza que reforzan a realidade da fenda xeográfica. A Figura 38 representa graficamente por bisbarras os datos de acceso á Internet procurados polo IGE en 2004. O eixo atlántico –máis urbano, máis rico e máis novo– amosa niveis maiores de acceso.




Figura 38: Porcentaxe de persoas de máis de cinco anos que se conectaron á Internet no último mes.

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do IGE* ⁽⁶⁾

Os datos anteriores son os máis recentes para os que se dispón de desagregación comarcal. Non obstante, ven de ser publicada en xullo de 2006 unha enquisa con desagregación provincial que corrobora os datos anteriores:

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALIZA
29,86%	20,87%	20,11%	28,91%	27,29%

Táboa 1: Porcentaxe de persoas de máis de cinco anos que se conectaron á Internet no último mes.

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do IGE* ⁽¹⁵⁾

O traballo de campo vén reforzar a constatación deste desequilibrio en prol das provincias atlánticas:




Figura 39: Porcentaxe de persoas que se conectaron á Internet no último mes en Galiza.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽³⁾

Deseguido abórdase a desagregación polos mesmos parámetros empregados para o caso do computador persoal.

1.2.2.4 Desagregación por idade

Segundo as enquisas efectuadas, obsérvase unha clara correlación entre a penetración da Internet e a idade. Máis do 90% dos mozos e mozas entre 15 e 24 anos son usuarios da Internet, mentres que só un de cada dez maiores de 65 anos fixeron este mesmo uso. Ao igual que pasaba co PC, o tramo de 45 a 54 anos é o primeiro en manifestar un forte salto con respecto ao anterior (26 puntos) e a situarse por baixo da media.




Figura 40: Porcentaxe de usuarios da Internet en función da idade.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

Este patrón de uso por idade é moi similar ao de ámbito estatal. Segundo Red.es, os colectivos que fan un uso máis intensivo da rede son os mozos, xa que case o 75% dos que teñen entre 15 e 24 anos son internautas de último mes, así como un 60% daqueles entre 25 e 34 anos. No outro extremo, obsérvase que unicamente un 4,4% da poboación maior de 65 anos accedeu á Internet no último mes. Expresado doutro xeito, case o 60% dos internautas de último mes teñen menos de 35 anos.




Figura 41: Acceso á Internet por grupo de idade.

Fonte: *Red.es* ⁽¹⁶⁾

O exercicio gráfico de correlación amosa, ao igual que no caso do PC, que pese a que os datos de nivel de acceso poñen en evidencia a existencia da fenda por idade, o nivel de correlación co dato global de penetración é tenue.




Figura 42: Acceso á Internet vs idade da poboación.
Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽²⁾

1.2.2.5 Desagregación por sexo

Como se indicaba na apertura desta sección, o perfil do internauta feito polo EGM indica que o 60% dos internautas españois son homes, fronte a un 40% de mulleres, cunha tendencia leve á igualación.

En Galiza, segundo o IGE, esa converxencia é menor, e mantense case constante un diferencial de penetración arredor dos cinco puntos porcentuais (un 15% aproximadamente en termos relativos) entre homes e mulleres nos últimos catro anos.




Figura 43: Evolución da proporción de persoas que accederon á Internet segundo o seu sexo.

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do IGE* ⁽⁶⁾

O traballo de campo corrobora a magnitude do *gap* de xénero no uso da Internet. Mentres seis de cada dez homes é usuario da Internet, só catro de cada dez mulleres se atopan nesta situación.




Figura 44: Porcentaxe das persoas que accederon á Internet segundo o sexo en Galiza.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

1.2.2.6 Desagregación por hábitat

Do mesmo xeito que para o uso do PC, as enquisas amosan a existencia dunha fenda derivada do hábitat de residencia no uso da Internet. De novo figuran nos extremos as cidades e os concellos menores, con vinte puntos porcentuais de diferenza (unha marxe moi parecida á do caso do PC). Tamén os concellos intermedios se sitúan en torno á media, sobre a que amosan unha variación no contorno dos sete puntos.




Figura 45: Porcentaxe de usuarios do PC en Galiza segundo a poboación do concello de residencia.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

De novo se recorre neste epígrafe á representación en relación coa porcentaxe de poboación que reside en municipios con máis de 10.000 habitantes e, igualmente, obsérvase o mesmo comportamento que para o caso do PC.

A conclusión que se debe tirar da Figura 46 é, pois, equivalente: obsérvase unha correlación aparente entre ambos parámetros nas comunidades autónomas máis rurais, correlación que desaparece nas de carácter máis urbano. Neste caso, os motivos poden ser máis claros: a dispoñibilidade de acceso á Internet é menor nos contornos rurais, polo que parece lóxica a) a mingua de uso paralela á de dispoñibilidade e b) o feito de que nas cidades, onde a dispoñibilidade é case absoluta, sexan outros factores os que determinen o nivel de acceso.




Figura 46: Acceso á Internet vs poboación en municipios de máis de 10.000 habs.
 Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽²⁾

1.2.2.7 Desagregación por nivel económico

Tampouco varía o feito das moi significativas diferenzas de uso segundo o nivel de ingresos familiares. De novo as diferenzas entre os extremos son moi grandes –75 puntos– e igualmente os colectivos máis desfavorecidos fican lonxe da media –30 puntos porcentuais–.




Figura 47: Porcentaxe de internautas en función do nivel de ingresos da familia.
 Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

Manexando datos globais de tódalas comunidades autónomas, novamente a representación fronte ao nivel económico amosa a correlación máis directa.




Figura 48: Acceso á Internet vs nivel de ingresos.
 Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽²⁾

1.2.2.8 Desagregación por nivel de estudos

A fenda por nivel de estudos é igual de manifesta que no caso do PC, como reflicte a Figura 49. Mentres nove de cada dez licenciados universitarios é usuario da Internet, apenas o 4% das persoas con estudos inferiores a primarios accede á rede; incluso a penetración do uso da Internet entre persoas con estudos primarios é menos da metade da media.




Figura 49: Porcentaxe de internautas en función do nivel de estudos.
 Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽²⁾

1.2.2.9 Desagregación polo conxunto de factores socioeconómicos

E, finalmente, cando se representa o nivel de acceso á Internet fronte ao conxunto dos parámetros considerados, a conclusión que se pode extraer é que o seu valor, como indican os perfís xerais, atópase fortemente correlado coa idade, o nivel económico e o hábitat.

Esta circunstancia, de novo, debe terse moi en conta á hora de marcar obxectivos de penetración da Internet.




Figura 50: Porcentaxe normalizada de usuarios da Internet (eixo vertical) representado contra a media aritmética de factores socioeconómicos considerados (eixo horizontal).

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽¹⁰⁾

1.2.2.10 Motivos polos que non se accede á Internet

Os estudos existentes amosan que os principais retos deben vencer á hora de conseguir que máis persoas accedan aos servizos da Sociedade da Información a través da Sociedade da Información son a falta de interese, de percepción de utilidade e, en determinados colectivos, a carencia de habilidades de manexo.

No ámbito estatal, ilústrase esta afirmación cos resultados publicados no informe "*La Sociedad de la Información en España. 2005*".




Figura 51: Razóns para non dispoñer da Internet por ciclo de vida (España).
 Fonte: Fundación Telefónica ⁽¹⁷⁾

No contorno galego, segundo o Observatorio TIC, no ano 2005 máis da metade da poboación galega que non se conecta á Internet non o fai porque entende que non o necesita ou non está interesado: esta é, de longo, a principal razón para non usala na Internet. En segundo lugar, o 28% dos galegos non usuarios cren que necesitan máis información ou formación. Curiosamente, en contraste cos datos expostos nas páxinas anteriores, hai que resaltar que tan só un de cada dez galegos non usuarios consideran o prezo coma un factor restritivo.




Figura 52: Motivos para non empregar Internet por parte dos cidadáns.
 Fonte: Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽¹⁴⁾

O traballo de campo vén a confirmar os de tipo cultural como primeiros factores inhibidores do uso da Internet. Segundo as enquisas, máis de catro de cada dez non internautas xustifican este feito debido á falta de interese e/ou de coñecemento.





Figura 53: Barreiras para o uso da Internet.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

Por outra banda, pódese constatar como o perfil socioeconómico inflúe tamén nos motivos polos que non se usa a Internet. No 2005, os seguintes datos do Observatorio TIC indicaban que, coa idade, medra o convencemento de que a rede non aporta beneficio algún; do mesmo xeito, os non usuarios con nivel de estudos máis baixos perciben menos beneficios; igualmente, só o 26% dos non usuarios urbanos non espera atopar vantaxes, fronte ao 35% do medio rural.

Cidadáns que non cren que o uso de Internet les beneficiaría por idade






Figura 54: Cidadáns non usuarios da Internet que non cren que o uso da Internet lles beneficiaría (por idade e nivel de estudos).

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁴⁾

Unha vez máis, as enquisas aportan información de detalle sobre os feitos apuntados nas fontes secundarias. Considerando a desagregación por parámetros socioeconómicos abordado coa información primaria, pódense tirar as seguintes conclusións complementarias sobre as barreiras de acceso á Internet:

- > A medida que aumenta a idade do non internauta, máis peso relativo cobran as barreiras falla de coñecemento / falla de interese.




Figura 55: Barreiras para non usar Internet en función da idade dos entrevistados.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

- > Do mesmo xeito, para os non internautas de contorno rural, a barreira da falla de coñecemento triplica aos que habitan nas cidades.




Figura 56: Barreiras para non usar Internet en función do tamaño dos concellos.

Fonte: Enquisas do Observatorio Galego da SI⁽⁵⁾

- > En terceiro lugar, atendendo unicamente á barreira de falla de formación/coñecementos, pódese observar como está presente no 59% das persoas con estudos menos que primarios, cando a media é do 40% dos non internautas; polo contrario, este dato non supera o 28% nos non internautas con estudos medios ou superiores.

En síntese, a falla dunha cultura da Sociedade da Información –materializada en falla de interese nos servizos e en falla de coñecemento para o manexo dos dispositivos e servizos– é a barreira principal para a incorporación dos colectivos non usuarios. O peso relativo destas barreiras é tamén función dos parámetros socioeconómicos que se teñen analizado ao longo do documento.